

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 29 DE DECEMBRO
DE 2014. NÚM. 14/2014.-**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PsdeG-PSOE).
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Non asisten:

D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente de modificación puntual do PXOM nº 13: aprobación provisional.....	páx. 7
4.- Expediente de modificación puntual do PXOM nº 14: aprobación provisional	páx. 8
5.- Expediente de honras e distincións.....	páx. 10
6.- Proposta da Alcaldía apoiando a solicitude da asociación de empresarios de Deza dun plan especial territorial de dinamización empresarial.....	páx. 12
7.- Proposta da Alcaldía relativa ao Día das Letras Galegas.....	páx. 14
8.- Mocións do PSdeG-PSOE:	
8.1.- Moción do PSdeG-PSOE relativa ao Regulamento de honras e distincións.....	páx. 16
8.2.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando a comparecencia do Sr. Alcalde e concelleiro delegado de urbanismo para explicar determinadas actuacións en materia de urbanismo.....	páx. 17
9.- Mocións do BNG:	
9.1.- Moción do BNG de apoio ás persoas que reciben pensións de estados extranxeiros.....	páx. 18
9.2.- Moción do BNG sobre a creación dunha tarifa eléctrica galega.....	páx. 19
10. Moción por urxencia:	
10.1.- Moción do PGD sobre medidas a adoptar en casos de imputación xudicial de concelleiros.....	páx. 20
11.- Rogos e preguntas.....	páx. 21
=====	

Sendo as dez horas do **luns día 29 de decembro de 2014**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asisten *D. José Armando Cristóbal Vázquez Fernández (PSdeG-PSOE)* nin *D^a. Josefa Marina Ferreiro Rodríguez (PSdeG-PSOE)*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta nº 13/2014 da sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2014. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta nº 13/2014 correspondente á sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2014, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM Nº 13: APROBACIÓN PROVISIONAL.-

Sendo as 10:13 horas e por motivos persoais urxentes, e Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, abandonou a sesión, delegando expresamente no Primeiro Tenente de Alcalde, que queda como Presidente Accidental a partir de este intre, D. Román Rodríguez González. Quedan dezaioito o número de asistentes á sesión e en trece o número de concelleiros do PP.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo de data 22 de decembro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura do ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 26 de decembro de 2014.

De conformidade con todos os presentes, o debate deste punto da orde do día e o

seguinte fixéronse conxuntamente.

Polo grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González**, explicou brevemente cada un dos expedientes. Así do expediente da Modificación Puntual nº 13 indicou que se trataba de aprobar provisionalmente o expediente para remitirlo á Xunta de Galicia e que proceda á súa aprobación definitiva. Houbo atraso porque o informe de Patrimonio tardou moito tempo en chegar. Había unha recomendación neste informe de ampliar a zona de protección, que tivo que ceder diante das determinacións preceptivas e vinculantes do informe de Ministerio de Fomento.

En canto ao expediente da modificación Puntual nº 14 sinalou que tamén tardou moito tempo en emitirse o informe de Patrimonio. O expediente, como se sabía, incorporaba unha serie de cuestións pendentes, como era o tema dos ascensores, cubertas, etcétera.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel Mª González Aller** adiantou que do expediente da Modificación Puntual nº 13 non tiñan nada que dicir, nin motivos para opoñerse e pediu que se actuase con coidado para protexer as masas arbóreas alí existentes.

En canto á Modificación Puntual nº 14 indicou que nela se introducían moitas cuestións; con todas estaban a favor, salvo con unha, que era a dun cambio de clasificación de solo no núcleo rural de Bendoiro. Lembrou que hai tempo o seu grupo pediu ao goberno municipal, mesmo cunha moción neste órgano plenario, que co gallo das obras do TAV que afectaron a bastantes núcleos se fixera unha modificación que recollese e estudase os cambios necesarios pero o grupo de goberno non fixo caso. No seu lugar, unicamente abordou este tema de Bendoiro , e opoñeríanse.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén indicou que na zona de ampliación do cemiterio había sete carballos que había que protexer, aínda que estaban a favor da ampliación porque era un servizo necesario para os veciños.

Sobre a Modificación Puntual nº 14 indicou que estaban a favor do conxunto do expediente, pero como viña ese mesmo caso que indicou o voceiro do grupo socialista, non podían apoialo.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** estaba convencido de que era necesario aprobar o expediente da Modificación Puntual nº 13; en canto á Modificación Puntual nº 14, indicou que había que buscar solucións aos problemas, pero que neste caso non o vía do todo claro. Por iso neste punto absteríase.

Rematou o debate **D. Román Rodríguez González**, indicando que o caso da ampliación do solo de núcleo rural de Bendoiro era un caso excepcional, que non ía favorecer a ninguén, xa que non tiña unha finalidade de especulación, nin houbo mala fé. Por iso, pediu á oposición que apoiasen as propostas dos dous expedientes.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, *por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto a favor de dezaioito (18) concelleiros, sendo trece (13) do PP, dous (2) do PSDEG-PSOE, dous (2) do BNG (1) do PGD, o Pleno da Corporación APROBOU o expediente e a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo de data 22 de decembro de 2014, do seguinte tenor:*

O Concello de Lalín considera de interese social a tramitación deste expediente de Modificación Puntual nº 13 do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal que ten por obxecto ampliar as instalacións do cemiterio municipal, sito na Romea, parroquia de Botos, que na actualidade considérase insuficiente, habida conta da evolución demográfica e poboación envellecida que hai no Concello, tendo en conta que no cemiterio vello xa non hai nichos baleiros.

A Modificación Puntual proposta supón incrementar a capacidade do cemiterio municipal da Romea nunha extensión de 16.800 m2 de terreos, ampliando o actual sistema xeral deste equipamento, e non afecta a terreos cualificados como espazos libres ou como zonas verdes.

A ampliación prevista afecta a terreos que non son de titularidade municipal polo que, no caso de aprobarse definitivamente o presente expediente de modificación puntual, procedería tramitar o correspondente expediente para a obtención dos terreos comprendidos no seu ámbito a través de convenios urbanísticos cos propietarios afectados ou no seu caso, e previa existencia de crédito axeitado, a través da tramitación do correspondente expediente de expropiación.

Logo da aprobación inicial do expediente en sesión do Pleno da Corporación celebrada o 31 de marzo de 2014, tramitouse conforme ó procedemento establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 85 da LOUGA, realizándose o trámite de información pública e solicitando así mesmo, simultaneamente, os informes sectoriais.

Con base nos informes técnico do asesor-urbanístico do concello e arquitecto técnico municipal e xurídico do secretario xeral de data 22 de decembro de 2014, e as determinacións recollidas nos mesmos, procede a continuidade na tramitación do expediente.

Xa que logo, con máis votos da maioría absoluta do número legal de membros, art. 47.2. II) da LRBRL 7/85, de 2 de abril, e cos informes de Secretaría e demais tramitación preceptiva, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o “EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 13 do vixente P.X.O.M. de Lalín AMPLIACIÓN SG-EQ.3. CEMITERIO MUNICIPAL DA ROMEA. BOTOS” redactado polo arquitecto *D. Javier Bugallo Thielen*, de data decembro de 2014, e demais documentación do expediente.

SEGUNDO.- En cumprimento do procedemento previsto no artigo 85.7 da LOUGA, remitir o expediente completo debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, órgano competente para outorgar a súa aprobación definitiva.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM Nº 14: APROBACIÓN PROVISIONAL.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo de data 22 de decembro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura do ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 26 de decembro de 2014.

O debate deste punto fíxose conxuntamente co punto anterior. Por elo as intervencións están recollidas no mesmo.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: (13) do PP.

Votos en contra: dous (2) do PSdeG-PSOE.

Abstencións: tres (3), sendo dúas (2) do BNG e unha (1) do PGD.

Xa que logo, con máis votos da maioría absoluta do número legal de membros, art. 47.2. II) da LRBRL 7/85, de 2 de abril, e cos informes de Secretaría e demais tramitación preceptiva, **aprobouse o expediente e a proposta** do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo de data 22 de decembro de 2014 do seguinte tenor:

O Concello de Lalín está a tramitar o **Expediente de Modificación Puntual Nº 14 do P.X.O.M. de Lalín**, diante da necesidade de modificar anticipadamente, e de maneira puntual, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, con suxeición ó procedemento establecido na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, (LOUGA), fundamentado na conveniencia e interese público da resolución de situacións puntuais e desaxustes de determinados aspectos concretos como son o cumprimento de convenios urbanísticos formalizados, o cumprimento do contido de sentenza xudicial de exclusión de terreo en Área de repartición e os reaxustes de aliñacións oficiais por existencia de situacións consolidadas, da delimitación de elemento catalogado, da delimitación de solo de núcleo rural; así como a revisión de determinacións concretas da normativa urbanística. O documento contén nove actuacións:

- Cumprimento de Convenios Urbanísticos formalizados: recoñecemento de viario público en travesía da rúa García Sánchez, no núcleo urbano de Lalín **(MP 14.1)**; supresión de paso en planta baixa de edificio sito na rúa B, núm. 72 do núcleo urbano de Lalín **(MP 14.2)**.
- Exclusión parcial de parcela incluída na área de reparto AR-32 **(MP 14.3)**.
- Reaxuste da delimitación do núcleo rural de Igrexa-Pedrouzos (Bendoiro) **(MP 14.4)**.
- Reaxuste da delimitación de elemento incluído no Catálogo de Bens Protexidos do PXOM (nº 3-56) **(MP 14.5)**.
- Reaxuste da altura libre mínima para usos permitidos en locais e da anchura mínima en pasaxes comerciais en edificacións existentes. **(MP 14.6)**.
- Ampliación dos usos permitidos en equipamento municipal (Praza de Abastos) **(MP 14.7)**.
- Condicións de obras complementarias de urbanización en áreas residenciais unifamiliares de solo urbano **(MP 14.8)**.
- Colocación de ascensores en patios de edificacións existentes **(MP 14.9)**.

Logo da súa aprobación inicial polo Pleno da Corporación na sesión do día 31 de marzo de 2014, tramitouse o procedemento establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 85 da LOUGA.

Á vista dos informes favorables da Secretaría Xeral e do Arquitecto-Asesor Urbanístico do Concello e Arquitecto Técnico Municipal do 22 de decembro de 2014 emitidos para estes efectos, nos que consta que as ditas correccións non supoñen cambios substanciais da ordenación establecida no documento aprobado inicialmente, e demais documentación que consta no expediente, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 14 do vixente P.X.O.M. de Lalín, redactado polo arquitecto, *D. Javier Bugallo*

Thielen, de data decembro de 2014, e demais documentación do expediente.

Segundo.- Ratificar en todos os seus termos o contido dos convenios urbanísticos incorporados á memoria do documento técnico que se presenta para aprobación provisional, apartados 14.1 e 14.2. respectivamente do presente expediente:

- Convenio urbanístico para a cesión gratuíta ó Concello de Lalín de terreos en solo urbán, de data 14 de xaneiro de 2008, asinado con D. Román Pedreira Vilariño, D.^a María Celia Batán Gómez, D.^a María Reboredo Fraga, D. Diego Fernández Reboredo e D.^a Marta Fernández Reboredo.

- Convenio urbanístico, de data 9 de marzo de 2001, asinado con Promotora Sanguiña, S.L., representada por *D. Germán Trabazo Presas*.

Terceiro.- En cumprimento do procedemento previsto no artigo 85.7 da LOUGA, remitir o expediente completo debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, órgano competente para outorgar a súa aprobación definitiva.

5º.- EXPEDIENTE DE HONRAS E DISTINCIÓNS.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da Proposta da Alcaldía de data 26 de decembro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 26 de decembro de 2014.

Polo grupo de goberno, o seu voceiro, ***D. Román Rodríguez González***, indicou que ao Matemático Rodríguez lle faltaban recoñecementos. Era certo que xa tiña unha estatua dedicada e unha rúa en Lalín; non obstante faltáballe unha distinción municipal, que neste caso, era a de fillo predilecto. Para elo tramitouse un expediente ao efecto, cunha comisión e cun traballo feito por varias persoas especializadas nesta materia, con actas e demais trámites.

Despois deste acordo, habería un acto oficial que sería o último día do ano ás doce horas na parroquia de Bermés, co descubrimento dunha placa.

Rematou afirmando que era xusto coma procedente recoñecer e outorgar esta distinción a unha figura tan senlleira de Lalín como foi este home.

Polo PSdeG-PSOE, a ***D. Manuel M^a González Aller*** non lle parecía que fose procedente presentar unha moción para nomear fillo predilecto a unha persoa que xa morreu hai tempo. Ao mellor podía darse o caso, de seguir este criterio, de que se lle dese a distinción a quen non teña nada que ver ou a quen non a mereza. Doutra banda tamén habería que se remontar aos séculos XIV ou XV ou mesmo douscentos anos máis atrás para ver as persoas que tamén tiñan méritos.

En suma, estaba a favor da concesión deste galardón, porque a figura era merecedora do galardón, pero non deste xeito, debeu darse antes e non agora, xa que pasou moito tempo dende a súa morte.

Doutra banda lembrou que en Lalín había moitos, mesmo catrocentos premios, xa que se crearon premios á solidariedade e outros; e logo quitáronse algúns. Todo isto facíase ao marxe do actual regulamento de honras e distincións. Por iso o seu grupo presentou unha moción, para reconducir unha situación que era de verdadeiro *cachondeo*. Había que aplicar o regulamento actual, ou ben deixar fora do mesmo estes premios.

Repetiu que estaba a favor de outorgar este recoñecemento ao *Matemático Rodríguez*, pero

tamén había que mirar atrás e investigar se había ou non había outras persoas que tamén merecían este galardón e aos que a día de hoxe non se lles concedeu.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén reclamou seriedade ao grupo de goberno porque se estaban outorgando unha serie de premios que non estaban regulados e que se tramitaban. Referíase aos premios de lalinenses do ano e ás capas do Cocido. Reiterou que había que ter seriedade nestes temas, porque se daban estes premios a políticos, e logo había casos en que se pedía a súa retirada. Había que reconducir a situación e consensualo de novo.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** pediu seriedade ao goberno municipal e adiantou que aprobaría a proposta.

De novo **D. Román Rodríguez González** sinalou que era sorprendente que unha persoa foi o *Matemático Rodríguez* non tivese aínda este recoñecemento; pero era así. Morreu no ano 1824. Este ano 2014 se lle dedicaba o ano da Ciencia en Galicia, e parecía xusto que o Concello lle outorgase este galardón.

En relación coas verbas do grupos socialista, afirmou que se podían mirar os premios outorgados. En concreto o premio á Solidariedade mencionado concedeuse no ano 2006 a unha persoa que logo foi condenada por feitos moi graves. Non veu a Pleno nin o premio, nin a súa retirada, e o Xurado acordou retiralo. Así mesmo, noutro caso, unha persoa que xa tiña concedida unha capa como Comendador da Orde do Cocido renunciou á mesma. Pero faltaba unha persoa que non mencionou o voceiro socialista: o *xuíz Garzón*.

De todos os xeitos, o seu grupo estaba aberto á negociación e ao debate sobre estes premios e así quería deixar constancia.

Tamén **D. Manuel María González Aller** insistiu en que había que cambiar a organización actual dalgúns dos premios que daba o Concello, sen orde algunha, e sen respectar o regulamento de honras e distincións, e non dar premios a calquera, a *tropecentas* persoas. Había no regulamento actual unha distinción que era “Persoeiro do ano”, e non entendía os premios de lalinenses do ano. Ou ben se cambiaba o regulamento para dar cabida a estas distincións, ou ben se anulaban os premios, pero había que regularizar e normalizar esta situación.

Afirmou **D. Xesús Cordeiro Budiño** que o feito de dar premios en nome de Lalín era unha cuestión seria que había que aclarar. Se había unha distinción como persoeiro do ano no actual regulamento de honras e distincións, non entendía como se daban outros premios ó marxe do regulamento, como eran os de lalinenses do ano. “*Alguén metía a pata*”, afirmou. Había que facer as cousas legalmente, e non *trapalladas*.

Tamén **D. Camilo Conde López** pediu rigor e seriedade ao goberno municipal nestes premios e sumouse á necesidade de regulalos.

Finalmente **D. Román Rodríguez González** indicou que o premio lalinenses do ano era concedido por moitas persoas e non só polo Concello de Lalín, cun xurado integrado por moitísimos colectivos do Concello. Afirmou, non obstante, que estaba aberto a estudar e negociar estes premios.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, **por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto a favor de dezaioito (18) concelleiros, sendo trece (13) do PP, dous (2) do PSDEG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, o Pleno da Corporación APROBOU a proposta** do Sr. Alcalde de data 26 de decembro de 2014, **do seguinte tenor:**

É unha obriga moral recoñecer o labor daquelas persoas que acreditan méritos especiais, cualidades e circunstancias singulares ou servizos extraordinarios prestados de xeito altruísta e desinteresado.

En particular, considérase unha obriga do Concello de Lalín a de mostra-lo seu recoñecemento por un ilustre das súas terras, un sabio das matemáticas, a xeodesia e a astronomía, que acadou no seu tempo un gran prestixio e recoñecemento nacional e internacional. Foi un home liberal, de ideas avanzadas e con talante europeo, que remataría sufrindo a sorte de moitos mal chamados “afrancesados”, aqueles que só querían para o seu país a superación política e, sobre todo, científica e ideolóxica, do antigo réxime.

Logo de anos de esquecemento, a figura do *Matemático Rodríguez* está a recuperar o lugar que merece na historia coma un dos grandes referentes da ciencia española. Asemade, esta Alcaldía resolveu iniciar un expediente para o estudo da concesión a *D. José Rodríguez González*, máis coñecido como “*Matemático Rodríguez*” dalgunha das distincións previstas no vixente Regulamento de Honras e Distincións.

Á vista do expediente instruído pola Sra. Concelleira delegada de Cultura, aceptando plenamente os razoamentos expostos pola Comisión de Honras e Distincións o Pleno da Corporación **ACORDOU:**

Primeiro.- Recoñecer e outorgar a título póstumo a *D. José Rodríguez González* - “*Matemático Rodríguez*”, a distinción honorífica de “FILLO PREDILECTO DE LALÍN”.

Segundo.- Realizar unha homenaxe o día 31 de decembro de 2014 ás 12:00 horas a este fillo predilecto de Lalín, nun acto a celebrar no lugar de Bermés do Fondo, diante da casa familiar.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA APOIANDO A SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE DEZA DUN PLAN ESPECIAL TERRITORIAL DE DINAMIZACIÓN EMPRESARIAL.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 26 de decembro de 2014.

Polo grupo de goberno, ***D. Román Rodríguez González***, explicou que se trataba de apoiar un plan da AED de carácter territorial posto que incluía toda a comarca, para que a Xunta de Galicia dinamice e contribúa á recuperación económica.

Polo PSdeG-PSOE, ***D. Manuel Mª González Aller*** dixo que estaban a favor, pero tamén lles gustaría velo antes. Apoiaríano.

Polo BNG ***D. Xesús Cordeiro Budiño*** sinalou que o Plan non estaba na documentación da sesión, e non sabían o que era. De momento non estaba feito polo Concello e non ían dar autorización en branco para algo que ignoraban.

Polo PGD ***D. Camilo Conde López*** afirmou que os obxectivos que se buscaban con este plan podían seren respectables e por elo apoiaría a solicitude; non obstante non se coñecía nada do mesmo. Era partidario, pois, de que se estudase previamente o dito plan e logo pronunciarse ao respecto. Xa que logo, como non estaba o documento feito e polo tanto tampouco no expediente, absteríase.

De novo **D. Román Rodríguez González** reiterou que non era unha iniciativa do Concello, senón dos empresarios, da AED. Esta solicitude sería unha máis das que recibirá a Xunta de Galicia, e non sabía se se ían aprobar tan sequera. Por iso tratábase de recabar o maior número de apoios para esta iniciativa. Pediu á oposición que reconsiderase a súa postura e apoiase a mesma, porque os beneficios e os fins que se buscaban redundaban en toda a comarca, nas empresas e nos veciños, e buscaban diante de todo a recuperación económica e máis emprego.

De novo tamén o voceiro nacionalista, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, indicou que, antes de votar ou de apoiar algo, había que saber o que se votaba. O seu grupo para apoiar esta iniciativa quería vela antes e saber se tiña unha vertente social. Por exemplo se suporía a creación de emprego e levaba unha correlativa diminución dos salarios non ían apoiala. Neste caso e noutros con custo social non a apoiarían. Non estaban dispostos a dar un cheque en branco ao goberno municipal para algo que descoñecían.

Tamén se reiterou na súa postura **D. Camilo Conde López**. Non se coñecía o que se pedía apoiar. Podían ser ideas ou iniciativas positivas e idóneos, pero tamén non selo. Depende do seu contido. Ao non poder estudalo, absteríase.

Finalmente **D. Román Rodríguez González** en referencia ao voceiro nacionalista, indicou que a iniciativa tería que seguir os marcos legais que estaban previstos; sobre a posición do voceiro do PGD indicou que era unha iniciativa global dos empresarios da comarca á que o Concello se sumaba.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: quince (15), sendo (13) do PP e dous (2) do PSdeG-PSOE.

Votos en contra:(2) do BNG.

Abstencións: unha (1) do PGD.

Xa que logo **o Pleno da Corporación APROBOU a proposta da Alcaldía** de data 22 de decembro de 2014, *do seguinte tenor:*

Desde a Asociación de Empresarios de Deza estase a traballar para solicitar á Xunta de Galicia un plan especial territorial de dinamización empresarial para a Comarca de Deza, que contribúa a estimular o tecido empresarial e a reducir os efectos extraordinarios producidos pola crise e encamiñar o futuro en mellores condicións de competitividade.

Un obxectivo que debe ser un reto común para todo o pobo de Lalín, e no que as administracións públicas como o Concello de Lalín teñen como deber inescusable o de promover e garantir apoio a accións que redunden en beneficio da cidadanía e, de xeito especial, neste caso concreto, dos sectores socioeconómicos lalinenses.

Por estas razóns, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU:**

Apoiar e adherirse á solicitude de AED (Asociación de Empresarios de Deza) relativa á aprobación e desenvolvemento por parte da Xunta de Galicia -a través do IGAPE- dun plan territorial especial ou, no seu defecto, de medidas específicas para favorecer a dinamización empresarial nos concellos da Comarca de Deza, coa finalidade de reducir o impacto e os efectos negativos da crise.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 19 de decembro de 2014. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e e Actividade Cidadán do día 26 de decembro de 2014.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto a favor de dezaioito (18) concelleiros, sendo trece (13) do PP, dous (2) do PSDEG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, **o Pleno da Corporación APROBOU** a proposta da Alcaldía de data 19 de decembro de 2014 do seguinte tenor:

No decorrer da historia hai unha mancha de dezaos que son merecentes de homenaxe pública polos distintos feitos e obras realizados a favor deste pobo e das súas xentes.

Un destes persoeiros que, sen dúbida, contribuíu a dar a coñecer Lalín, a comarca de Deza e Galicia, a través das distintas manifestacións literarias e dos cometidos que desempeñaron ao longo da súa vida foi **D. MANUEL DANIEL VARELA BUXÁN**.

D. MANUEL DANIEL VARELA BUXÁN naceu na aldea de Salouzáns, parroquia de Lamas e municipio da Estrada o 2 de marzo de 1909. Sendo neno os seus pais, caseiros, instaláronse na parroquia de Cercio, no lugar das Pallotas. Aos vinte anos emigrou Varela Buxán a Bos Aires, levando as cuartillas dunha obra de teatro **Se o sei... non volvo a casa**, co tesón e devoción galeguistas que amosou na súa vida. Xa no 1938 forma a Compañía de Teatro Galego “Maruxa Villanueva”. Alternaba entón a súa vocación teatral na súa dobre vertente de autor e director coa de condutor de autobús. Tería que superar múltiples dificultades para que a Compañía lograra debutar. Dise que Varela Buxán chegaría incluso a empeñar a súa máquina de escribir antes de que o seu desexo se vise realizado.

Ademais da totalidade das obras de Varela Buxán a Compañía “Maruxa Villanueva” representou por vez primeira en 1941 a obra de Castelao “*Os vellos non deben de namorarse*”, converténdose así en patriarca do teatro galego na emigración arxentina. Castelao profesaba a Varela Buxán unha grande amizade co que lle chamaba cariñosamente “*o filósofo do arado*” pola súa inclinación cara á vida campesiña.

Na súa obra incídese na influencia das Terras do Deza. A toponimia desta zona é nomeada polo autor frecuentemente e, ademais, nos seus traballos literarios quedan reflectidas os costumes das parroquias dezás.

En 1950 volve *Varela Buxán* a Galicia e afínase na **parroquia de Santiago de Cercio** “na que tratou de lograr varias melloras para o vecindario, que sempre se amosou agradecido e respectuoso para con Varela Buxán” e onde chegou a exercer a profesión de practicante (en Cercio coñecíano como “Daniel o practicante” ou como “Daniel das Pallotas”).

A Varela Buxán se debe o impulso á construción en Cercio do primeiro local de escola que fixo a administración no Concello de Lalín, así como da constitución da Asociación Cultural “A Carballeira de Cercio” en 1974, que acaba de cumprir 40 anos. Segundo ten apuntado o cronista do Concello de Lalín, Daniel González Alén, “Cercio é a patria de Varela Buxán” que sinala que “se nun espazo hai que encaixar a Varela Buxán ese é Cercio”. De feito, o colexio de Cercio leva o seu nome e nesta parroquia está enterrado.

Ademais Daniel Varela Buxán creou en Lalín a compañía de teatro “Os Labregos” e escribiu artigos e colaboración en diversos diarios e revistas galegas e representou diversas obras como *Se o sei... non volvo á casa* no 1954 no Cine Balado ou *¿Pista ou peste?*, en 1956 representada polos veciños de Cercio.

O Concello de Lalín aprobou o 2 de marzo de 1977 o expediente para o nomeamento de Manuel Daniel Varela Buxán como “Fillo Adoptivo de Lalín”, que sería tres anos máis tarde, pregoeiro da XIIª edición da Feira do Cocido.

No dito documento faise fincapé en que “o seu teatro, que oxalá sigamos coñecendo, é unha lección de comprensión desa Galicia que inventou unha arte no diálogo e unha cadencia netamente teatrais”. “A súa **vida plenamente dedicada a Galicia**, nun afán de altruísmo, poucas veces comprendido, xamais se verá recompensada nin pagada”, recolle a proposta para o dito nomeamento.

Entre os principais méritos para darlle a distinción de Fillo Adoptivo cítase que “**Lalín pobo e a Comarca na que Varela Buxán residiu nos últimos vinte e sete anos e Galicia, pola que tanto loitou, están en débeda con el**”.

Tamén o Concello de Lalín, a través da súa radio municipal, Radio Lalín, lle dedicou en 2009 un programa monográfico a Daniel Varela Buxán con motivo do centenario do seu nacemento.

A súa bibliografía está composta polas seguintes obras:

- **Taberna sen Dono** (editada en 1975). Peza teatral cómico-sentimental en tres lances. O acontecemento desenvólvese nunha típica taberna dunha aldea de Galicia onde todos se aproveitan do corazón brando e da falta de carácter do seu dono Manuel. Esta peza estreouse na República Arxentina pola compañía galega de Marujita Villanueva no ano 1941, co actor Fernando Iglesia (Tacholas) interpretando a Don Manuel.

- **O Ferreiro de Santán** (editada en 1975). Obra teatral estreada en Buenos Aires en 1941 que aborda os temas do caciquismo e o amor.

- **Se o Sei...Non Volvo á Casa**. (editada en 1977). Teatro.

- **A Xustiza do Muiñeiro** (editada en 1977). Teatro.

- **O Cego de Fornelos** (editada en 1981). Teatro.

- **Triste Chegada** (editada en 1981). Teatro.

- **Os Casados de Pouco** (editada en 1981). Teatro.

- **¿Pista ou Peste?** (editada en 1981). Teatro.

- **De Mulleres...Non me Fales** (editada en 1981). Teatro.

- **¡Meu Pai!** (editada en 1981). Teatro.

- **Salaos dun Vello Labrego** (editada en 1981). Teatro.

- **Gracias Padre Ramón**, 1943 (2004, publicado postumamente).

Trátase dun teatro costumista e realista pero ao mesmo tempo un teatro de forte denuncia social, cunha forte dose de humor e amor á terra. As pezas están escritas para o grande público e tanto a súa estrutura, posta en escea e técnica son sinxelas. Segundo verbas do propio autor “ *...Prego que se diga tal coal está escribido, coa maior naturalidade, sin toadas nin acentos especiais. As pezas, aínda que un tanto tráxicas no fondo, resultarán alegres e moverán a risa sin ferir a nosa xa dabondo magoada diñidade...*”.

Pola súa traxectoria vital a prol da lingua e cultura galegas -fundamentalmente, como precursor do teatro galego na emigración e logo, de volta á súa terra Galicia, como impulsor de diversas iniciativas de ámbito cultural-galeguista como, por exemplo, da constitución da Asociación Cultural “A Carballeira” de Cercio -parroquia de onde partiu á emigración e na que se afincou ao regreso e onde está soterrado- entre outras moitas, esta Alcaldía estima que

Varela Buxán é merecente de ter un “Día das Letras Galegas”.

Polo exposto, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Primeiro.- Solicitar á Real Academia Galega que teña a ben estudar a posible dedicatoria do “Día das Letras Galegas” nos anos vindeiros a D. Manuel Varela Buxán.

Segundo.- Solicitar o apoio dos Concellos de Deza que desexen adherirse a esta causa.

8.1.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.-

8.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 19 de decembro de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 7980. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 26 de decembro de 2014.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** explicou o contido da moción, dando lectura á parte dispositiva da mesma. Afirmou que estaría disposto a retirar o punto dous, pero a condición de que se aprobase co punto primeiro a moción.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que xa expresou a posición do seu grupo noutro punto. Apoiaría a moción.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** tamén sinalou que votaría afirmativamente.

Polo grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González**, sinalou que rexeitarían a moción.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O pleno do concello de Lalín insta do Alcalde e do Grupo de Goberno a modificación do Regulamento de Honras e Distincións para incluír e regular a concesión de todos aqueles galardóns e distincións que veñen concedendo polo concello sen estar previstos en dito Regulamento, ou do contrario, a proceder á súa eliminación limitándose á concesión exclusivamente dos contemplados nel.

2º.- O pleno do concello de Lalín insta do Alcalde e do Grupo de Goberno o inicio inmediato dos trámites legais oportunos para a retirada das distincións outorgadas a aquelas persoas que, como as citadas no texto da moción, están condenadas por sentenza xudicial por temas desa gravidade extrema.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), sendo dous (2) do PSDEG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **rexeitouse a moción.**

8.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE E CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO PARA EXPLICAR

DETERMINADAS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE URBANISMO.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 19 de decembro de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 7908. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 26 de decembro de 2014.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** explicou o contido da moción, dando lectura á parte dispositiva da mesma. Pedíase a comparecencia do Sr. Alcalde e do Concelleiro Delegado de urbanismo para explicar a actuación municipal no eido urbanístico, poñendo dous exemplos: un deles era dun veciño de Midón (Barcia), ó cal por botar terra nunha pista municipal o Concello lle tramitou un expediente sancionador e impúxolle unha serie de multas por importe de mil cincocentos euros; o outro expediente referíase a unha clínica médica que levaba máis de quince anos funcionando sen licenza municipal e sen ningún tipo de expediente sancionador do Concello á mesma. Aquí non se tramitou nada, nin houbo sanción ningunha. Isto denotaba unha discriminación total e unha dobre vara de medir que seguía o Concello neste eido.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que non tiña nada máis que dicir; apoiaría.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** tamén adiantou que apoiaría a moción.

Polo grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González**, adiantou que tanto el coma o Sr. Alcalde non ían comparecer. Os dous supostos aportados polo grupo socialista eran radicalmente distintos. Era falso tamén que houbese unha dobre vara de medir. En canto ao centro médico, levaba aberto ao público máis de vinte anos. Era unha actividade permisible, pero que estaba sen licenza. Isto ignorábase. Non obstante a día de hoxe, xa fixo a tramitación correspondente, e estaban procedendo á legalización. O segundo, o de Barcia, era distinto. Aquí houbo un procedemento xudicial e unha sentenza. Un veciño estaba actuando nunha pista pública, botando terra e desvirtuando a propia pista. Era máis que unha infracción, amosando unha fotografía ao efecto aos asistentes. Dixo que se fose, ao revés, se quen ocupase unha pista con terra fose unha persoa do seu grupo, habería que ver o que se dicía desde a oposición. O certo era que o veciño coa terra comíase a pista.

De novo **D. Manuel María González Aller** reiterou que eran casos diferentes. Un levaba quince anos ou máis aberto, posto que non se sabía desde cando funcionaba e sen ningún tipo de control ou licenza. Elo denotaba un certo desorden no Concello. Era grave que un edil delegado do ramo afirmase que ignoraba que a dita clínica médica carecía de licenza pese a estar funcionando durante tanto tempo. Outro caso en Bendoiro, víase desde a estrada a obra en curso e non se paralizou nunca a mesma. En canto á pista de Midón víase a discriminación de xeito claro, porque aquí o que había era que a pista nun tramo ancheábase, e noutros reducíase. Houbo sancións e expediente.

Tamén o voceiro nacionalista **D. Xesús Cordeiro Budiño**, ratificouse no xa dito. Quería saber o que pasaba realmente, os motivos polos que nuns casos se tramitaba un expediente e noutros casos non se facía nada; quería coñecer tamén a relación de expedientes e infraccións en trámite.

Rematou o debate **D. Román Rodríguez González**. Reiterouse no xa comentado. No caso da clínica médica se estaba a tramitar o expediente de legalización, e déronse os pasos e trámites administrativos necesarios. Noutro caso, o de Midón, había unha sentenza xudicial que cumprir e o caso era esencialmente diferente: a obra e a terra do veciño comíase a pista,

algo que non se podía permitir.

Na moción pedíase a comparecencia da Alcaldía e do Concelleiro Delegado de Urbanismo para explicar por qué no caso do Centro Médico se permitiu unha situación de ilegalidade durante máis de 10 anos sen que tan sequera houbera unha orde de paralización de obras ou algún requirimento, mentres que no expediente nº 12/04/U incoado a un veciño de Barcia, que non tivo nin a máis mínima repercusión no urbanismo nin nos intereses municipais, se puxo en marcha a maquinaria municipal e en cuestión de meses resolveron definitivamente o expediente.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catro (4), sendo dous (2) do PSDEG-PSOE e dous (2) do BNG.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: unha (1) do PGD.

Xa que logo, **rexeitouse** a moción.

9.- MOCIÓNS DO BNG.

9.1.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSIÓNS DE ESTADOS ESTRANXEIROS.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 20 de decembro de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 7922. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 26 de decembro de 2014.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** expuxo o contido da moción. Indicou que era unha moción do partido. Esta debíase á actuación do Sr. Ministro, *Sr. Cristóbal Montoro*, que parecía que non simpatizaba moito coa emigración, en referencia aos galegos que emigraron nos anos sesenta e setenta a Europa.

Estas persoas que non atoparon traballo aquí e tiveron que emigrar fora, trouxeron divisas daquela importantes, e contribuíron ao despeque económico desta terra. Pero parecía que ao *Sr. Ministro*, faltoulle tempo para “meterlles a zarpa” a estes colectivos, como a moitos outros. A obriga de contribuír ao IRPF que aplicou este novo Ministro levaba tamén a imposición de multas, todo elo con efectos retroactivos, e a pesares de que as contías das ditas pensións eran moi reducidas. O seu importe era tan reducido que de facerse estudos comparativos das pensións que se percibían, veríase claramente non se chegan na meirande parte dos casos ao salario mínimo interprofesional. Por iso procedía anular esta obriga e as sancións impostas, e ter un xesto positivo con este colectivo.

Polo grupo socialista **D. Francisco Pérez Donsión** indicou que apoiarían a moción.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** vía positiva a moción. As medidas adoptadas polo *Sr. Ministro* eran un abuso legal. As rendas que se percibían destas pensións había que regularlas, e tiñan que seren declaradas doutra forma, e non con sancións e con efectos retroactivos. Dixo que había que facer unha reflexión e regularlas doutro xeito e non como se fixo.

Polo grupo de goberno, o voceiro **D. Román Rodríguez González**, admitiu que este era un tema sensible para todos, afectaba a galegos e a unha parte importante de Galicia. Afirmou que xa debiera estar resolto, xa que na última modificación do regulamento do IRPF que entraba en vigor agora en xaneiro se introducía máis flexibilidade para declaralas co fin de

que todas paguen, se declaren aquí, e se supriman as sancións impostas ata agora por este feito.

Lembrou que houbo xa un acordo no Parlamento de Galicia para abordar este tema. Parece pois que xa hai unha norma que di que o día 1 de xaneiro de 2015 se devolverán de oficio as multas impostas polo propio Ministerio de Facenda cos seus intereses; pero en contra haberá a obriga de declarar as débedas e de abonar a cota tributaria que resulte delo.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, indicou que de ningunha maneira ía retirar a moción, por máis explicacións que dera o voceiro popular na mesma dirección. Había un erro na orixe do que había que partir. Coidaba que con esta norma nova, habería que declarar dúas veces estas pensións, no país de orixe e no país de residencia. Non estaba de acordo coa solución apuntada polo voceiro popular. Indicou que no Concello de A Estrada había unha coordinadora a nivel galego que xestionaba este asunto, e esperarían a ver como evolucionaba todo, mesmo a devolución das multas.

Rematou **D. Román Rodríguez González** afirmando que habería pois que pagar polo importe principal, pero tamén habería devolución das multas impostas cos intereses correspondentes. Indicou que isto mesmo pasaba cos nacionais doutros países da Unión Europea que percibían pensións procedentes de España.

Na moción pedíase:

1.- Demandar ao goberno do Estado español a adopción urxente das seguintes medidas:

a) Que proceda á modificación lexislativa para fixar un mesmo réxime de IRPF para as rendas procedentes de pensións, con independencia de se estas proceden dun ou de varios estados.

b) O recoñecemento de oficio das pensión de invalidez recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións.

c) Solicitar información dos países de procedencia das pensións, sobre todo de Suíza, para verificar que prestacións xa están sometidas a gravame no país de orixe para evitar a dupla imposición.

d) Revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volverse producir.

2.- Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), sendo dous (2) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **rexeitouse** a moción.

9.2.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 16 de decembro de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 7921. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 26 de decembro de 2014.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** expuxo o contido da moción. Fixo a exposición da mesma aportando un cadro dos datos da enerxía eléctrica producida en Galicia e a exportada, sacados do INEGA. Esta situación de Galicia excedentaria en produción de enerxía eléctrica non repercutía en nada en Galicia nin os galegos. Por elo, pedíase que se adoptase algunha medida neste sentido, como era establecer unha tarifa propia galega, que

permitira beneficiarse en parte á poboación galega da explotación dos seus recursos naturais.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** adiantou o seu voto favorable. Coidaba que Galicia e España abonaban a tarifa eléctrica máis cara de Europa, a pesar de que Galicia era excedentaria na súa produción.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** tamén votaría afirmativamente. Galicia neste eido non estaba sendo moi ben tratada, e era contraditorio que este feito de ser unha das primeiras produtoras de electricidade non repercutía nos galegos.

Polo grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González**, afirmou que era unha moción do partido. O sistema eléctrico europeo estaba así. O que sucedía era que non se dicía toda a verdade. Esta pasaba por indicar que no recibo de electricidade que pagaban empresas e usuarios ía incluído o custo da moratoria nuclear e as primas ás enerxías renovables. O prezo poñíase con subastas públicas de electricidade e non podían apoiar a dita moción.

Na moción pedíase:

Instar á Xunta de Galicia a demandar do goberno español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galicia como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico, como para as empresas.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), sendo dous (2) do PSDEG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **rexeitouse** a moción.

10. MOCIÓN POR URXENCIA.

10.1.- MOCIÓN DO PGD SOBRE MEDIDAS A ADOPTAR EN CASOS DE IMPUTACIÓN XUDICIAL DE CONCELEIROS.

A Presidencia deu conta desta moción, presentada por urxencia, de data 22 de novembro de 2014 e rexistro de entrada do día 23 de novembro co número 7958.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, **por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto a favor de dezaioito (18) concelleiros, sendo trece (13) do PP, dous (2) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, acordouse dita urxencia.**

No debate, **D. Camilo Conde López**, defendeu a moción no que se pedía que cando haxa unha imputación o edil electo sexa suspendido temporalmente namentres subsista esta situación; en segundo lugar que a Corporación se comprometa a manter o equilibrio das maiorías con esta nova situación; e en terceiro lugar que renuncie o dito edil cando se proceda á apertura de xuízo oral.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** dixo que a intención da moción era boa, pero imposible de levala a cabo; non obstante vía algúns aspectos que coidaba que non eran viables. Por exemplo a decisión de dimitir ou non ou a de quedar en suspenso no exercicio do seu cargo era persoal e o edil afectado podía ou non adoptar esta medida. Tamén sucedía co compromiso de manter o equilibrio das maiorías por parte dos demais membros da

Corporación e a suspensión voluntaria das súas funcións do edil afectado.

Había que ter en conta que moitos imputados quedaban as veces fora da imputación e mesmo declarados inocentes. A outra parte da moción si que a vía positiva e podía coincidir coa mesma. Por elo absteríanse.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** adiantou que votaría non. O espírito que animaba a moción era bo, pero non vía encaixe legal para a mesma. Non existía na normativa legal esa obriga de dimitir do seu cargo de edil pola simple imputación penal; doutra banda, a suspensión que se pretendía era meramente voluntaria e o edil se quería podía continuar co seu cargo, non habendo mecanismos para obrigarlle a non exercer como tal. En suma coidaba que habería que modificar a lei para dar cabida aos acordos recollidos na moción.

Polo grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** dixo que en aras da transparencia había que estudar estes casos. Non obstante había que seren coidadosos porque estaba en xogo a honra das persoas. Existía no estado de dereito unha separación de poderes para resolver estas cuestións. Non se podía abordar lixeiramente as mesmas e había que ser sensato á hora de pensalas e de poñelas por escrito. Había partes na moción coas que non estaban de acordo e por isto a rexeitarían.

Rematou o debate **D. Camilo Conde López** reiterando que diante da grave situación actual de corrupción política que estabamos a vivir, había que facer algo, e por isto a moción pretendía que a imputación non saíra de xeito gratuito ao edil afectado.

Na moción pedíase:

A aprobación dun acordo polo que aqueles edís que se vexan afectados por unha situación de imputación xudicial polo exercicio das súas funcións públicas, deixen de xeito transitorio de exercelas, absténdose de participar na vida pública desta institución. Entendemos que a imputación é unha garantía xudicial máis nesta situación de desprestixio da política. A cidadanía demanda accións contundentes que poñan valor á credibilidade dun sistema político con demasiadas eivas. A Corporación comprometerase a respectar o equilibrio das maiorías mentres dure esta suspensión transitoria no cargo, procedendo o edil en cuestión a dimitir inmediatamente do seu cargo e abandonando esa condición en caso de apertura de xuízo oral.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: un (1) do PGD.

Votos en contra: quince (15), sendo trece (13) do PP e dous (2) do BNG.

Abstencións: dous (2) do PSdeG-PSOE.

Xa que logo, **rexeitouse a moción.**

11.- ROGOS E PREGUNTAS.-

11.1.- ROGOS.

Presentados de xeito verbal durante a sesión.

PGD.

D. Camilo Conde López.

1.- ROGO.- En relación coa súa moción, reconvertida en rogo, o edil indicado en nome do seu grupo pediu que o Concello garante un gasto social axeitado para que as persoas con máis dificultades económicas teñan unha acción protectora do Concello propia do estado de benestar, ao igual que sucede noutros países europeos

*Contestou o Sr. Alcalde-Presidente Accidental, **D. Román Rodríguez González**, indicando que os servizos sociais facían un bo traballo, e xa estaban a traballar nestas cuestións.*

11.2.- PREGUNTAS.

Non houbo.

E non habendo outros asuntos que trataren, no mesmo lugar e mesmo día onde comezou a sesión, de orde do Sr. Presidente levantouse a sesión, sendo as doce horas e sete minutos.